



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA PARA O PROGRAMA DE APOIO E ASISTENCIA PSICOLÓXICA ESPECIALIZADA ÁS VÍTIMAS NAS OFICINAS DE ATENCIÓN Á VÍTIMA E AO CIDADÁN EXISTENTES NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2017

REUNIDAS

Dunha banda:



A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, representada por D. Alfonso Rueda Valenzuela, en virtude do Decreto 277/2012, do 2 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, do Decreto 234/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, en virtude do seu nomeamento polos Decretos 229/2012 e 230/2012, do 2 de Decembro, e no exercicio das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra:

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (CIF Q1500265B) representado por D^a. M^a Rosa Álvarez Prada, nomeada decana da súa xunta de goberno tal e como se reflicte na acta da comisión electoral do día 15 de maio de 2010, actúa en representación deste, segundo dispón o artigo 31 dos seus Estatutos.

Ambas as dúas partes se recoñecen mutua capacidade para obrigarse e conveniar

MANIFESTAN

Primeiro.-

Que o Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado por Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 20.1 que, en relación coa Administración de xustiza correspóndelle á Comunidade Autónoma exercer todas as facultades que as leis orgánicas do poder xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial recoñecen ou atribúen ao Goberno do Estado. Nesta cláusula estatutaria atópase a orixe do traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia das funcións que desempeñaba a Administración do Estado en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza.



Segundo

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril), e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro.

Terceiro.

Que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, ten entre outras, as competencias para impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, e á eliminación da violencia de xénero, así como, a través da Dirección xeral de Xustiza, as competencias no relativo a provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza e as competencias equivalentes relativas ás fiscalías de Galicia e aos institutos de medicina legal.

Cuarto.

Que a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, de 22 de xullo, dispón no seu artigo 54 a creación de oficinas de atención ás vítimas do delito, distribuídas de xeito equilibrado polo territorio galego, e dotadas de persoal cualificado para ofrecer ás mulleres que sofren violencia de xénero información e apoio para que poidan exercer os dereitos que lles recoñece a lexislación vixente.

Quinto.

Que a Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito no seu artigo 10 dispón que toda vítima ten dereito a acceder de forma gratuíta o servizos de asistencia e apoio que presten as oficinas de asistencia ás vítimas, recollendo tamén no seu artigo 28 que as ditas oficinas poderán incluír entre as medidas de asistencia e apoio que deba ser prestada ás vítimas e en atención á valoración das súas circunstancias, a prestación de apoio ou asistencia psicolóxica.

Sexto

Que o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia ten como competencias propias o ordenamento do exercicio da profesión de psicólogo/a en todas as súas formas e especialidades, a súa representación exclusiva e a defensa dos intereses profesionais das persoas colexiadas, a vixilancia do exercicio da profesión, facilitando o coñecemento e cumprimento de todo tipo de disposicións legais que afecten á profesión de psicólogo/a, e facendo cumprir a ética profesional e as normas



deontolóxicas do/a psicólogo/a, así como velar polo axeitado nivel de calidade das prestacións profesionais das persoas colexiadas, para o que promoverá a formación e perfeccionamento destes e cooperará na mellora dos estudos da licenciatura en psicoloxía. Tamén son funcións propias do Colexio o fomento da promoción e desenvolvemento técnico e científico da profesión e da ciencia psicolóxica, a solidariedade profesional e o servizo da profesión á sociedade, así como exercer cantas funcións lle sexan encomendadas pola administración pública colaborando con ela para o mellor cumprimento dos seus fins.

Sétimo.

Que a concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar ás vítimas dos delitos, especialmente ás mulleres vítimas da violencia de xénero e aos menores, unha atención personalizada e especializada nas Oficinas de Atención Vítima, a través de profesionais con formación específica que realizarán un diagnóstico da situación e prestarán o apoio ou a asistencia psicolóxica precisa.

Oitavo.

De acordo co artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades Públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado.

Así pois, de conformidade co establecido nas citadas disposicións, ámbalas dúas partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración o cal se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO E CONTIDO

O obxecto deste convenio é establecer as bases reguladoras e as condicións que rexerán a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia e Administracións Públicas e Xustiza e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para o programa de apoio e a asistencia psicolóxica especializada nas Oficinas de Atención á Vítima e ao Cidadán existentes nos xulgados de A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, por parte de persoal especializado e seleccionado polo



Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia de entre as persoas colexiadas que cumpran cos requisitos xurídico-administrativos para o exercicio profesional, conforme ao previsto na cláusula segunda deste convenio.

A atención que se preste ás vítimas suporá a súa avaliación e tratamento, e/ou a derivación, se é o caso, a outros recursos sanitarios ou asistenciais, axustados ás necesidades de cada unha delas. No caso de vítimas da violencia de xénero procurarase manter coordinación permanente co Centro de Información ás Mulleres ou servizos sociais correspondentes para o deseño e elaboración dun plan de apoio individualizado, así como coas forzas e corpos de seguridade competentes.

SEGUNDA.- REQUISITOS

1.- Os/as psicólogos/as que presten o servizo de apoio e asistencia psicolóxica especializada nas Oficinas de Atención á Vítima e ao Cidadán serán seleccionados entre as persoas colexiadas que cumpran cos requisitos xurídico-administrativos para o exercicio profesional, conforme cos seguintes criterios e pola orde de prioridade en que se relacionan:

- 1º.- O desempeño de actividades de similares características
- 2º.- A formación no ámbito da psicoloxía xurídica
- 3º.- A formación en igualdade, xénero e loita contra a violencia de xénero
- 4º.- A formación en intervención en crise

2.- Selección de psicólogos/as.

Para a selección dos/das psicólogos/as que vaian realizar o servizo de apoio e asistencia psicolóxica especializada ás vítimas nas Oficinas de Atención á Vítima, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia elaborará unha lista específica, distinta á establecida para a emisión de informes periciais psicolóxicos.

Os/as psicólogos/as que concorran ao proceso de selección organizado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deberán cumprir os seguintes requisitos:

- 1. Ser psicólogo/a colexiado/a e estar ao corrente do pago das cotas colexiais.
- 2. Non ter sido sancionado/a deontoloxicamente pola Comisión de Ética e Deontoloxía nos últimos doce meses, contados dende a entrada en vigor deste Convenio.



3. Presentar declaración responsable de non ter incompatibilidades profesionais. A prestación do servizo de apoio e asistencia psicolóxica especializada prevista no presente convenio é incompatible con exercer funcións de psicólogo/a adscrito á Administración de xustiza como psicólogo/a forense, así como coas función de atención psicolóxica encadradas no Programade atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, e complementariamente para as súas fillas e fillos menores e outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero, e atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar, conveniado entre a Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

4. Ter acreditada formación na da área da psicoloxía xurídica e forense, na área de igualdade, xénero ou loita contra a violencia de xénero; e na área de intervención en crise. Esta formación ten que ser un mínimo total de 300 horas e ser xustificada documentalmente, e procederán da formación regrada, asistencia a xornadas e congresos, impartición como docente de formación nas áreas citadas.

5. Ter contratado un seguro de responsabilidade civil profesional, o cal se acreditará mediante o pagamento do último recibo do ano en curso.

3.- Listaxes.

Unha vez que o/a psicólogo/a entre a formar parte da lista para o servizo de apoio e asistencia psicolóxica especializada asinará un compromiso de aceptación das normas de funcionamento da lista, así como do compromiso de actuación.

TERCEIRA. CAPACIDADE

Previamente á formalización do presente convenio, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia presentou ante a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, xeral de subvencións e que poidan impedir a subscrición do presente convenio.

CUARTA.- COMPROMISOS

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia comprométese a prestar a actividade nas condicións establecidas no presente convenio, facilitando os/as psicólogos/as que



realicen o apoio e asistencia psicolóxica especializada nos horarios e oficinas sinaladas, e suplindo as baixas que se produzan para evitar a interrupción do programa.

Igualmente, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia realizará a coordinación do programa e o seguimento profesional das/dos psicólogas/os que presten este servizo, podendo substituír a calquera profesional que non desenvolva as súas funcións axeitadamente, a xuízo do propio Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia ou da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza .

A prestación de servizos realizada polos/as psicólogo/as obxecto deste convenio, non levará o establecemento dunha relación laboral co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia nin coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza comprométese a abonar ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a compensación por un máximo de 40.000 €, concedida nos termos e coas condicións establecidas no presente convenio.

QUINTA.- ORZAMENTO

Para sufragar os gastos derivados do presente convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza aboará ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a cantidade máxima de 40.000€ (corenta mil euros), con cargo á aplicación orzamentaria 05.11.313D.481.0 (código de proxecto 2015 00145), dos orzamento xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 de acordo coa seguinte distribución:

.Importe máximo tarefas de apoio e asistencia psicolóxica especializada ás vítimas :
38.000€

.Importe máximo tarefas de coordinación e formación: 2.000€

O apoio e asistencia psicolóxica especializada levarase a cabo nas Oficinas de Atención ás Vítimas de A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, de luns a venres, como mínimo en horario de 09.00 a 15.00h.

A devandita asistencia estenderase ás vítimas necesitadas de especial protección nos termos recollidos na Lei 4/2015 que acudan ás ditas oficinas independentemente do lugar de comisión do delito.



Nas citadas oficinas poderanse realizar prácticas externas sempre e cando se teña subscrito o correspondente convenio de colaboración coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

SEXTA.- FORMACIÓN

As psicólogas e psicólogos do programa de apoio e a asistencia psicolóxica especializada nas Oficinas de Atención á Vítima e ao Cidadán recollido neste convenio, deberán de cursar as actividades de formación continua que a este respecto se establezan.

De estimarse oportuno, se incorporarán a esta formación as e os profesionais dos centros e oficinas de información ás mulleres así como outros/as profesionais que estean colaborando coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no tratamento da violencia contra as mulleres.

Con este fin a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia elaborarán conxuntamente os programas formativos mínimos aos que se deberán axustar todos os cursos de especialización que se celebren.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase a través de conta xustificativa nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, mediante a presentación da seguinte documentación:

- **Memoria de actuación**, subscrita polo órgano competente da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, número de persoas usuarias ata a data, e dos resultados obtidos.
- **Certificación** expedida polo órgano competente do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, dos gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, os documentos xustificativos, os importes e, de ser o caso datas de pagamento.
- **Orixinais das facturas** ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Os xustificantes orixinais presentados marcaranse cun selo para os efectos previstos no artigo 49 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que conleven **ingresos a conta do IRPF** ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considerárase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou



documento equivalente) no que se reflicta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da vixencia deste convenio.

- **Declaración responsable** de non ter solicitado ou percibido outras axudas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

- **Declaración responsable** de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.

A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 1 de outubro de 2017 e o 15 de decembro de 2017, e deberá presentarse na Secretaría Xeral da Igualdade con data límite o 18 de decembro de 2017. Non obstante, de acordo co establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagamentos á conta por un importe de ata o 80% da porcentaxe subvencionada, correspondente aos pagamentos xustificadas. Para o seu aboamento será necesario presentar a documentación antedita, agás a memoria de actuación.

OITAVA.- COMUNICACIÓNS E MEMORIA FINAL

Co obxecto de lograr a máxima eficacia no funcionamento do programa de apoio e a asistencia psicolóxica especializada nas Oficinas de Atención á Vítima e ao Cidadán establecido neste convenio, e antes do 31 de xaneiro de 2018, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, deberá remitirle á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Secretaría Xeral da Igualdade e Dirección xeral de Xustiza), unha memoria final de actuación por oficina, na que se recollerán, desglosado para cada unha das sete oficinas, as experiencias do seu funcionamento, con indicación de: o número de persoas atendidas, desagregado por sexo, e o motivo da atención, así como o número de menores e o motivo da atención, tamén desagregado por sexo; número total de asistencia realizadas por persoa atendida durante a vixencia do convenio e, calquera outra circunstancia/s que se considere necesaria para asegurar a eficacia e coordinación na prestación do servizo. Ademais de incluír as conclusións e os criterios de actuación para vindeiros exercicios.

NOVENA.- OBRIGAS

a) O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de



Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

b) O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia comprométese a empregar a lingua galega en todas as actuacións derivadas do presente convenio.

c) No momento da sinatura do presente convenio de colaboración, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deberá facilitar unha relación co nome e apelidos das/dos terapeutas que van intervir en cada unha das Oficinas de Atención ás Vítimas. No caso de que durante o período de vixencia do convenio se produciran baixas ou altas de terapeutas nas ditas oficinas estas serán comunicadas inmediatamente á Secretaría Xeral da Igualdade e á Dirección xeral de Xustiza da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Así mesmo o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia comunicará no prazo de 10 días dende a sinatura do convenio quen a persoa coordinadora do do programa recollido neste convenio.

d) O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deberá cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria ou entidade colaboradora establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e tamén deberá cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións.

DÉCIMA.- COMPATIBILIDADE

Esta axuda é incompatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.


DÉCIMO PRIMEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia queda obrigado a gardar o segredo profesional respecto aos datos de carácter persoal das persoas usuarias dos programas do presente convenio, tanto dos contidos en ficheiros automatizados como dos rexistrados en soportes físicos susceptibles de tratamento automatizado. Esta obriga subsistirá aínda cando finalice a súa colaboración coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e demais normativa que a desenvolva.

Os datos de carácter persoal obxecto do tratamento automatizado estarán sometidos, no que respecta á súa comunicación, ao disposto no artigo 11 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.



DÉCIMO SEGUNDA.- PUBLICIDADE DO CONVENIO



En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informarán na páxina web oficial da dita subscrición cos seguintes datos básicos: identificación das partes que interveñen, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto. Así mesmo de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza publicará no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial, a relación das/dos beneficiarias/os e o importe das axudas concedidas e incluírá as sancións que, como consecuencia delas, se puidesen impoñer nos correspondentes rexistros públicos. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso da/o beneficiaria/o a favor da Administración concedinte, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicidade.

Por outra banda, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións

DÉCIMO TERCEIRA.- VIXENCIA

O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

DÉCIMO CUARTA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Xunta de Galicia, organismo ou entidade dependente ou vinculado a mesma e as persoas ou profesionais colexiadas do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este departamento ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria.



DÉCIMO QUINTA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

DÉCIMO SEXTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN E REVOGACIÓN

Serán causa de resolución do presente convenio as recollidas Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en especial o incumprimento dalgunha das estipulacións contidas nas súas cláusulas.

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro total ou parcial, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

De acordo co artigo 14.1 n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

1. o incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
2. calquera outro incumprimento considerárase incumprimento dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga da xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou disistimento pola outra parte, procederase á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos se reintegrará ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma despuxese.

DÉCIMO SÉTIMA.- RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO, SEGUIMENTO E CONTROL.

Este convenio ten carácter administrativo rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de

novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións e demais normas de procedente aplicación.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Para o seguimento da súa execución ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos do mesmo que poidan xurdir, créase unha comisión mixta, que estará integrada por:

- Pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: A secretaria xeral da Igualdade e o Director xeral de Xustiza, que poderán dispor que os substitúa algún/ha funcionario/a desas departamentos.
- Polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia: A Decana do Colexio ou persoa que dispoña para que a substitúa.

En proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por duplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA

P.D. (Orde do 14 de maio de 2013)
A SECRETARIA XERAL DA IGUALDADE



Susana López Abella

A DECANA DO COLEXIO OFICIAL DE
PSICOLOXÍA DE GALICIA



Mª Rosa Álvarez Prada